



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

OFICIALÍA MAIOR  
SECCIÓN DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Expediente: 202400000702

## RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DO XV PREMIO “ROSALÍA DE CASTRO” PARA A PROMOCIÓN DA LINGUA GALEGA 2024

Don **XOSÉ REGUEIRA VARELA**, Presidente en funcións da Deputación Provincial da Coruña,

Vistos os informes da Sección de Normalización Lingüística e do Servizo de Fiscalización,

RESOLVO

1º Concederlle o XV Premio Rosalía de Castro para a promoción da lingua galega de 2024 a:

EXPEDIENTE	NIF	NOME	CATEGORÍA
2024000024017	***1533**	M <sup>a</sup> PILAR GARCÍA NEGRO	A (persoa)
2024000024018	G36645232	NOVA ESCOLA GALEGA	B (entidade)
2024000024020	Q6555708D	IES RAFAEL DIESTE	C (campaña Aquí tamén se fala)

2º Imputar a concesión dos premios, por importe total de 15.000,00 €, 5.000,00€ para cada categoría á partida 2024/0116/3344/481, documento contable A operación número 220240006089

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña no prazo de dous meses a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se opta por interpor o recurso de reposición potestativo, non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo ata que aquel se resolva expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.